

Seminario e obradoiro

SOCIEDADE
DIXITAL
E XENERO

Hackeando o patriarcado

2ª edición

3 de decembro de 2020



*O vindeiro 3 de decembro a Universidade de Vigo, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, organiza a segunda edición do workshop **SOCIEDADE DIXITAL E XÉNERO**. Hackeando o patriarcado, co obxectivo de manter activo un espazo de reflexión colectiva ao redor do denominado «patriarcado dixital».*

A sesión é aberta ao público e desenvolverase en liña a través do “Canal Directo 1 de UVigoTV” na seguinte ligazón:

<https://tv.uvigo.es/live/5b60870c8f4208dd20625884>

A alarmante desigualdade de xénero nos ámbitos laborais relacionados coa economía dixital, coloca ás mulleres nun escenario moi precario de cara a un futuro no que a tecnoloxía terá cada vez maior peso sociopolítico e económico nas nosas sociedades. Se non conseguimos corrixir esta realidade, as mulleres corremos o risco de ser excluídas dos espazos onde se van tomar as decisións máis importantes para o planeta nos próximos anos.

Ademais, os nesgos sexistas e racistas dos algoritmos xeran máis discriminación e reforzan desigualdades desde posicións aparentemente neutrais, que é necesario desenmascarar. A violencia dixital contra as mulleres feministas é unha práctica cada vez máis estendida e posiblemente organizada. **Facebook, Twitter, Instagram, YouTube deciden cales son os contidos axeitados. Quen establece os parámetros destes robots? Por que non existen medidas para protexer ás mulleres dos continuos ataques nas redes? Como debemos combater os machitrolos? Que podemos facer para contribuír a visibilizar o traballo das mulleres no ámbito dixital? É necesario organizarse e traballar en rede para respostar ao machismo dixital?**

Este e outros debates son os que se pretenden abordar nesta segunda edición do workshop, da man de mulleres expertas nestas temáticas, no marco da recentemente creada **Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO - UVIGO**.

*A Deputación de Pontevedra, xunto coa **Universidade de Vigo**, teñen como obxectivo, a través da creación da **Cátedra de Feminismos 4.0**, promover a igualdade, a non discriminación e accesibilidade universal das mulleres no ámbito das actuais sociedades da información. En concreto, a promoción e o impulso de actividades de investigación e innovación feminista en todos os ámbitos do coñecemento, priorizando os estudos relacionados coa dixitalización actual da sociedade e o ámbito das STEAM (siglas en inglés de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría, arte e matemáticas), onde as mulleres están infrarrepresentadas e resulta un espazo cada vez máis relevante nas sociedades do futuro.*

Inscripcións abertas nos obradoiros da tarde

Confirma a túa asistencia no seguinte formulario: <https://forms.gle/FuypVdUFQvsFasWP7>

PROGRAMA

de mañá

3 de decembro de 2020

9.30 - 10.00

Apertura do acto coas autoridades:
Carmela Silva Rego. Presidenta da Deputación de Pontevedra
Manuel Joaquín Reigosa Roger. Reitor da Universidade de Vigo

10.00 - 10.45

Intervención da xornalista Montserrat Boix
Sexismo e desinformación nos novos escenarios dixitais

Xornalista. Dende 1986 traballa nos servizos informativos da Televisión Española, na sección Internacional. Tamén traballou como profesora en diferentes mestrados universitarios en igualdade, tecnoloxías, comunicación e desenvolvemento con perspectiva de xénero. É secretaria de Igualdade e Dereitos Cívís da UGT en RTVE e membra do Observatorio da Igualdade de RTVE. En 1996 creou Mujeres en Red, xornal dixital feminista. Foi recoñecida con diversos premios polo seu traballo a favor dun xornalismo máis igualitario.

10.45 - 11.30

Intervención da catedrática Coral del Río
Roles de xénero no mercado laboral

Catedrática no Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo e doutora en Economía pola Universidade Carlos III de Madrid. Entre as súas liñas de investigación destacan: desigualdade e pobreza económica, mercado laboral, e Economía e Xénero. Foi galardoada co "IV Premio de Igualdade Ernestina Otero Sestelo", outorgado polo Consello Municipal dá Muller do Concello de Vigo.

11.30 - 11.45

Descanso

11.45 - 12.30

Relatorio de Ana Freire
Muller e tecnoloxía

Ana Freire é enxeñeira e doutora en informática pola Universidade da Coruña. Actualmente é investigadora e docente na Universitat Pompeu Fabra (Barcelona), onde dirixe o Centro de Estudos de Sostibilidade e lidera **Wisibilízalas**, un concurso internacional para romper estereotipos de xénero asociados a estudos científico-tecnolóxicos. Recibiu numerosos recoñecementos polo impacto social da súa investigación, que aplica a Intelixencia Artificial a diversas necesidades sociais como a saúde mental ou a sostibilidade. Foi recoñecida, entre outros, co premio ao Talento Xove Feminino Investigador, outorgado pola Fundación Real Academia das Ciencias.

12.30 - 13:20

Mesa redonda

- **Silvia Rueda Pascual**
Cátedra de Fenda dixital de Xénero creada entre a Universitat de València e a Generalitat Valenciana

Enxeñeira en Informática e Doutora en Enxeñería Informática pola Universitat de València (UV) e profesora no Departamento de Informática da ETSE-UV, do que é directora desde o ano 2015. É responsable STEM-UV dentro do Vicerreitorado de Igualdade, Diversidade e Sustentabilidade, coordinadora do proxecto Girls4 STEM e directora da Cátedra de Fenda dixital de Xénero creada entre a Universitat de València e a Generalitat Valenciana.

- **Luz Castro**
Nesgos de xénero na tecnoloxía

Doutora en informática. Creadora de videoxogos e divulgadora. Docente nos graos de Comunicación Audiovisual e Creación Dixital, Animación e Videoxogos e no mestrado de Creación, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos da UDC. Socia fundadora de imaxin|software en 1997, foi a directora do seu departamento de multimedia, especializado en videoxogos educativos e aplicados, ata 2018. Cofundadora de Videxogo.gal, vicepresidenta da Fundación Museo do Videoxogo de Galicia e impulsora de Startup Galicia. Colaboradora experta en videoxogos no programa ZigZag da CRTVG. I Premio Ada Byron do CPEIG no 2012.

- **Proyecto Una**
Colectivo Proyecto Una

Proxecto UNA é unha colectividade millennial cuxo labor é desenmascarar as novas formas de fascismo que se ocultan baixo simboloxía aparentemente inofensiva, así como recoñecer e dar valor ás alianzas feministas forxadas á calor dos píxeles. Desde o popular e o comunitario, investigan acerca das guerras culturais de poder nos medios, Internet e a realidade analóxica.

PROGRAMA

de tarde

3 de decembro de 2020

13.20 - 13.30 *Clausura*

16.00 - 18.00 *Obradoiro virtual*

WIKIMARATÓN FEMINISTA. WIKIGAP

Traballar por una Wikipedia comprometida coa igualdade, mediante a visibilización do traballo das mulleres, xerando biografías de mulleres (actualmente son só o 15% do total de entradas na Wikipedia).

- *Facilitado polo equipo de BenCuriosa*

Cooperativa que impulsa procesos de xeración e intercambio de coñecemento e diseña solucións novidosas para estimular o desenvolvemento creativo de organizacións, comunidades e territorios. Partindo dunha noción de cultura aberta (inclusiva, exploradora, dinámica) apostan pola implicación cidadá e a finalidade social dos proxectos, pola cooperación entre axentes culturais e creativos, polo vínculo co tecido empresarial e pola conexión coa esfera internacional, desde unha forte ancoraxe na nosa identidade.

18.00 - 18.15 *Descanso*

18.15 - 20.15 *Obradoiro virtual para combater machitroles*

STOPMACHITROLES

Obradoiro para desenvolver análises das redes sociais identificando comentarios machistas e misóxinos e, paralelamente, crear deseños de "microproductos culturais de difusión virtual" para respostar aos mesmos e facer que circulen pola rede (memes, vídeos, frases, cancións, etc).

- *Facilitado por Macarena Hernández Conde*

Xornalista e colaboradora en diversos medios de comunicación, como El Salto e El Topo. Traballa na investigación sobre os discursos dos feminismos na cultura dixital dende o Grupo de Traballo de Apropiación de tecnoloxías dixitais e interseccionalidades do Consello Latinoamericano de Ciencias Sociais. É parte do equipo de Compóliticas e da Rede Iberoamericana de Investigación en Políticas, conflitos e movementos urbanos. Licenciada en Xornalismo e Comunicación Audiovisual, ten un Máster en Comunicación e Cultura, e actualmente é doutoranda no Programa Interuniversitario de Comunicación.

Inscripcións abertas nos obradoiros da tarde

Confirma a túa asistencia no seguinte formulario:

<https://forms.gle/FuypVdUFQusFasWP7>

Máis información en: **Unidade de Igualdade - Universidade de Vigo**
Tfno.: 986 813 419 - igualdade@uvigo.es

www.catedrafeminismos.gal